



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE FERROL

Aprobado polo Consello de Goberno do 23 de xullo de 2019

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao que dispón o artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio de 2004) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e de organización da Escola Politécnica Superior de Ferrol fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 101/2004, do 13 de maio, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), así como nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización da Escola Politécnica Superior.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación á Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade universitaria do centro.

Artigo 3. Réxime xurídico

- 1 A Escola Politécnica Superior rexerase pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanaren dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	1/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e polas súas normas de desenvolvemento e, finalmente, polo presente regulamento de réxime interno.

- 2 En defecto do que está establecido no presente regulamento, aplicarase as Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 3 Contra as resolucións e contra os acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do centro poderá formularse un recurso de alzada no prazo dun mes perante o reitor, de tratárense de resolucións do director, ou perante o Consello de Goberno, de tratárense de acordos da Xunta de Escola, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS

Artigo 4. Natureza

A Escola Politécnica Superior é un centro da Universidade da Coruña que se encarga da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención dos títulos de carácter oficial e de validez en todo o territorio español, e daqueles outros títulos propios da UDC que lle foren asignados.

Artigo 5. Funcións

Son funcións da Escola Politécnica Superior as seguintes:

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que se imparte nela.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos/as estudantes que cursasen ou que cursen estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións solicitadas polos/as estudantes do centro.
5. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
7. Participar nos procesos de avaliación da calidade.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	2/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





8. Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste de planos de estudo conxuntos con outras universidades, nacionais ou estranxeiras.
9. Realizar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente.
10. Calquera outra que lle atribúiren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

Artigo 6. Persoal adscrito á Escola Politécnica Superior

Son membros da Escola Politécnica Superior o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos que están adscritos a ela, así como o estudantado que está matriculado nalgunha das titulacións oficiais que se imparten no centro.

Artigo 7. Adscrición do profesorado.

O profesorado que se incorpore á Universidade quedará adscrito ao centro no que o Departamento lle asigne a maioría da súa docencia.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

Artigo 8. Órganos de goberno da Escola Politécnica Superior

Para o goberno, a representación e a administración da Escola Politécnica Superior, establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Xunta de Escola, da cal emanan as seguintes comisións:
 1. Órgano delegado da Xunta de Escola:
 - Comisión Permanente da Xunta de Escola.
 2. Como órganos delegados da Xunta de Escola establécense as seguintes comisións:
 - Comisións Docentes:
 - a. Comisión Docente de Enxeñaría Industrial: titulacións de Grao e Mestrado de Enxeñaría Industrial.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	3/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				



- b. Comisión Docente de Enxeñaría Naval: titulacións de Grao e Mestrado de Enxeñaría Naval.
- c. Comisión Docente para cada titulación impartida no centro que se encontre fora de esos campos.
 - Comisión de admisión: unha para cada un dos Mestrados que se imparten na EPS.
 - Comisión de validacións.
 - Comisións de Tráballo Fin de Grao e/ou Mestrado.
 - Comisión de Infraestructuras e Asuntos Económicos.
 - Comisión de Relacións Internacionais
 - Comisión de Garantía de Calidade.
 - Comisión de Biblioteca.

b) Unipersoais:

- Director/a da Escola
- Subdirectores/as da Escola
- Secretario/a da Escola

SECCIÓN 1ª. Dos órganos colexiados

Artigo 9. Composición da Xunta de Escola

1. A composición da Xunta de Escola será a establecida nos Estatutos da Universidade.
2. As persoas representantes na Xunta de Escola serán elixidas para un período de dous anos.

Artigo 10. Competencias da Xunta de Escola.

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Escola correspóndenlle as seguintes competencias:

1. Elixir director/a e, se for o caso, revogalo/a.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e de administración do centro.
3. Proponer e informar sobre a implantación de novas titulacións e de novos estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se imparten no centro.
5. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente do centro.
6. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que imparten neles os departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
7. Programar os servizos e os equipamentos do centro e mais supervisar a súa xestión.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	4/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





8. Acordar a distribución dos créditos concedidos ó centro e supervisar a súa aplicación.
9. Elaborar o regulamento de réxime interno do centro e propoñelo ao Consello de Goberno para a súa aprobación.
10. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
11. Crear as comisións que considere oportunas para o estudo de temas específicos e, se é o caso, revogalas.
12. Aprobar os horarios e o calendario de exames das convocatorias oficiais, e o calendario para as propostas dos TFG e TFM.
13. Establecer normas de uso de espazos, materiais e recursos do centro.
14. Calquera outra que lle atribúen as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

Artigo 11. Funcionamento da Xunta de Escola

Artigo 11.a- Funcións do presidente da Xunta

1. O presidente da Xunta de Escola ou quen fixer as súas funcións dirixirá e regulará o desenvolvemento dos debates e velará polo mantemento da orde no desenvolvemento da sesión.
2. O presidente da Xunta fixará, en función das peticións de palabra, a duración de cada intervención.
3. O presidente cederá a moderación e a presidencia da sesión a outro membro do equipo directivo cando for el parte activa no debate.
4. Cando a Xunta de Escola considerar que un tema non foi suficientemente debatido, poderase ampliar o tempo de debate cunha nova quenda de palabra. Para iso só será necesario que o solicite un membro da Xunta e que sexa aprobado por ela.
5. Ordenaranse as intervencións dos membros da Xunta de acordo coa orde de petición de palabra.
6. O presidente poderá interromper a sesión durante un período de tempo determinado para facilitar os acordos.
7. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requirir, a xuízo do/a presidente/a, poderanse convocar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión, ás persoas que se estimaren necesarias, con voz mais sen voto.

Artigo 11.b- Funcionamento da Xunta de Escola ordinaria

- 1 A Xunta de Escola reunirse en sesión ordinaria cantas veces for necesario e, polo menos, dúas veces no ano académico.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	5/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





- 2 A convocatoria da Xunta de Escola en sesión ordinaria corresponderá ao/á director/a, e será efectuada polo/a secretario/a da Escola Politécnica Superior ou por quen legalmente o substituír. Farase pública e poñerase en coñecemento de todos os seus membros mediante o correo electrónico, en que se fará constar a orde do día, así como o día, a hora e o lugar da reunión en primeira e en segunda convocatoria. O número de membros e os medios técnicos dispoñibles non permiten con carácter xeral o funcionamento a distancia da Xunta de Escola.
- 3 Esta notificación realizarase cunha antelación mínima de dous días hábiles respecto á data en que a Xunta teña lugar. Con esta mesma data, poñerase a disposición dos membros da Xunta a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión que se poderá consultar na Dirección da Escola coma no repositorio institucional.
- 4 A orde do día será establecida polo presidente ou presidenta a proposta da Comisión Permanente, en que será preceptivo incluír, polo menos, os puntos seguintes:
 - i. A aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
 - ii. Suxestións e preguntas
- 5 As sesións ordinarias da Xunta de Escola realizaranse dentro do período lectivo do curso académico.
- 6 Incluíranse outros puntos na orde do día cando o solicitaren, antes da convocatoria da sesión ordinaria, polo menos un 10% dos membros da Xunta de Escola ou os 2/3 de calquera dos sectores representados na Xunta de Escola, e sempre que a solicitude tiver entrada na Dirección da Escola con 24 horas de antelación á convocatoria da Xunta ordinaria que está establecida.

Artigo 11.c- Funcionamento da Xunta de Escola extraordinaria

1. A Xunta de Escola reunirse en sesión extraordinaria cando houber temas de urxencia que a xustificaren. Será convocada polo/a director/a nos casos seguintes:
 - a. Por iniciativa do/a director/a
 - b. Por iniciativa da Comisión Permanente
 - c. Por iniciativa de, polo menos, o 25% dos membros da Xunta de Escola, en cuxo caso se realizará nos 15 días seguintes á recepción da solicitude.
2. Están sometidas aos mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só 1 día hábil respecto á data en que teña lugar.
3. A convocatoria incluírá o lugar, a data e a hora da reunión en primeira e segunda convocatorias, así como a orde do día, a cal se reducirá aos temas que motivaron a reunión extraordinaria, sen incluír os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	6/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





Artigo 12. Constitución

- 1 Para que a Xunta de Escola se constituía requirírase, en primeira convocatoria, a asistencia de máis da metade dos seus membros e, en segunda convocatoria, a asistencia, polo menos, do 25% de seus membros, excepto cando se tratar dunha moción de censura, en que se requirirá a maioría absoluta dos seus membros. O presidente e o secretario, ou quen os substitúa, deben estar presentes para a válida constitución da Xunta de Escola. O quórum deberase comprobar para as votacións.
- 2 Se non se consegue o número de asistentes requiridos nas dúas convocatorias, o director sinalará coa mesma orde do día unha nova data dentro dos catro días seguintes á data que se fixou para a Xunta inicial ou, excepcionalmente, a Permanente poderá, por acordo da maioría absoluta dos seus membros, anular definitivamente a convocatoria.

Artigo 13. Asistencia e desenvolvemento das sesións

- 1 A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
- 2 A asistencia á Xunta de Escola xustificárase pola sinatura nas listas de quórum que serán habilitadas para este efecto polo Secretario da Xunta.
- 3 A condición de membro dos órganos colexiados do centro é persoal e non é delegable.
- 4 Calquera persoa poderá xustificar a súa ausencia por escrito con anterioridade á sesión en que se producir perante o/a secretario/a da Escola.
- 5 Á Xunta de Escola poderá asistir calquera membro da Escola que o solicitar previamente, sen voz e sen voto. A solicitude farase por escrito cunha antelación mínima de 24 horas perante a Dirección da Escola por medio da Secretaría do centro. Os/as estudantes que quixeren asistir poderán solicitalo a través da delegación de alumnos, que remitirá as solicitudes á Secretaría do centro, quen confirmará a asistencia por orde de entrada no rexistro e de acordo coa capacidade do local.
- 6 Ás sesións dos órganos colexiados só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11.a. apartado 7
- 7 Non poderá ser obxecto de deliberación ou de acordo ningún asunto que non figurar incluído na orde do día, agás que estiveren presentes todos os membros do órgano colexiado e que for declarado o asunto de urxencia polo voto favorable da maioría.
- 8 Nas eleccións a órganos unipersoais non se admitirá a delegación de voto, o voto por correo nin o voto anticipado

Artigo 14. Votacións e adopción de acordos

- 1 Os acordos poderanse aprobar por asentimento, a proposta do director do centro, a man alzada, por chamamento público ou de xeito que se garanta o segredo da votación. Porén, a

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	7/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





votación secreta será utilizada cando o acordo que se debe adoptar tiver carácter persoal ou o solicitar algún membro da Xunta de Escola. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas que se someteren á Xunta non susciten a oposición de ningún membro desta e cando non requirise outra forma de votación ningún membro.

- 2 A Xunta adoptará os seus acordos pola maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentariamente, a maioría absoluta ou cualificada.
- 3 En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a director/a decidirá co seu voto de calidade.
- 4 Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día ou en relación directa con elas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e preguntas”.
- 5 Non se admitirá a delegación de voto nin o voto por correo. Tampouco será admitido o voto anticipado.
- 6 Excepcionalmente, previa solicitude xustificada do interesado, o Director do Centro permitirá a participación telemática.

Unha vez que se inicie unha votación, esta non se poderá interromper.

Artigo 15. Actas

1. De cada sesión que tiver lugar da Xunta de Escola, redactará a acta o secretario, que especificará necesariamente a relación dos asistentes e dos ausentes que achegasen a xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e do tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.
2. Na acta figurará, após a solicitude dos respectivos membros da Xunta de Escola, o voto contrario ao acordo que se adoptou, a súa abstención e os motivos que a xustificaren ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou da súa proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o/a director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, de xeito que se faga así constar na acta ou que se engada unha copia a ela.
3. Os membros que discreparen do acordo maioritario poderán formular un voto particular por escrito no prazo de dous días hábiles, que se incorporará ao texto que se aprobou.
4. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	8/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, mais poderá non obstante emitir o secretario unha certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
6. As actas estarán disponibles para todos os membros da Escola no repositorio institucional, agás das afetadas pola Lei de Protección de Datos.
7. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O fichero resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, terán que acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

Artigo 16. Comisión Permanente da Xunta de Escola

1. Todos os acordos que adoptar a Comisión Permanente comunicaránselle á Xunta de Escola na primeira sesión ordinaria que se realizar.
2. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Escola respectando, na medida do posible, as porcentaxes de representación que están asignadas a cada un dos diferentes colectivos, sempre con membros que formen parte da Xunta de Escola, e quedará constituída da seguinte forma:
 - Director/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá
 - Secretario/a do centro, que o será da Comisión Permanente
 - Os subdirectores/as
 - Resto dos membros serán os seguintes:
 - o O director dos departamentos adscritos á Escola ou persoas en quen deleguen.
 - o Cinco membros do profesorado permanente con docencia na EPS.
 - o Un membro do resto do profesorado e persoal de investigación da EPS.
 - o Tres membros do estudantado.
 - o Un membro do persoal de administración e servizos.
3. A comisión poderá solicitar a presenza de calquera membro da Escola con voz e sen voto.
4. No seu funcionamento rexeráse polas normas que se recollen nos artigos do 11 ao 15 do presente regulamento, de aplicación para o funcionamento da Xunta de Escola. A comisión permanente reuniráse con carácter ordinario polo menos tres veces o ano, e con carácter extraordinario sempre que for necesario.
5. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establece o artigo 9.2 do presente regulamento e o disposto para as Xuntas de Escola no Regulamento de réxime electoral. En canto ao xeito de proceder no caso da modificación do número de membros da comisión, procederase do mesmo modo que se especifica no punto 16.2.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	9/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				



Artigo 17. Funcións da Comisión Permanente

1. Asesorar o/a director/a en todos aqueles asuntos que este lle someter.
2. Coñecer os asuntos de trámite.
3. Adoptar acordos sobre os asuntos que lle foren delegados pola Xunta de Escola.
4. Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle foren presentados polas comisións asesoras e remitilos, no seu caso, á Xunta de Escola.
5. Proponer a orde do día da Xunta de Escola ordinaria

Artigo 18. Comisións asesoras da Xunta de Escola

- 1 A Xunta de Escola, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou de asesoramento que non terán capacidade decisoria, e que deberán remitir todas as propostas que adoptaren á Xunta de Escola ou ao/á director/a, se for o caso, que decidirá en última instancia.
- 2 As funcións que corresponden a cada comisión serán as que se asignen neste regulamento e aquelas outras que decida asignarlle a Xunta de Escola.
- 3 Poden ser membros das comisións delegadas todos os que pertencen á Xunta de Escola, agás que exista unha regulación superior a este regulamento de réxime interno. A Xunta de Escola elixirá polo procedemento que eventualmente aprobe, aos membros das comisións nas proporcións que fixe o presente regulamento para cada unha delas.
- 4 A renovación dos membros das Comisións delegadas realizarase cada dous anos, coa salvedade dos representantes de alumnos dos Mestrados de menos de dous anos, que será cada ano.
- 5 Nas Comisións de traballo que constitúa a Xunta de Escola de carácter transitorio, os membros das mesmas poderán pertencer ou non á Xunta de Escola, segundo proceda, polo tipo de tarefa encomendada. A súa composición será establecida pola Xunta de Escola para cada caso particular.
- 6 Para a constitución, funcionamento e adopción de acordos das Comisións, rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Escola, nos artigos 11 ao 15 deste regulamento, agás no relativo a periodicidade das sesións, que se celebrarán cando o estime necesario o/a Director/a ou Subdirector/a en quen delegue a presidencia das Comisións ou a petición do 25% dos seus membros.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	10/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				



**SECCIÓN 2ª. Das comisións docentes****Artigo 19**

- 1 As comisións docentes son os órganos da Xunta de Escola con funcións de organización e de control no ámbito do ensino que se imparte na Escola.
- 2 A creación dunha comisión docente corresponde á Xunta de Escola. Cada comisión docente terá asignada a supervisión dos estudos, tanto de Grao como de Mestrado, que se imparten na Escola correspondentes o seu campo.

Artigo 20

Son funcións das comisións docentes as seguintes:

1. Adoptar as medidas necesarias para a execución das directrices da Xunta de Escola que se refiran aos estudos correspondentes.
2. Controlar a calidade da docencia, o seguimento dos programas das materias, a coordinación entre elas, os métodos de ensino, etc.
3. Xerar e recoller as propostas de adaptación e de desenvolvemento dos planos de estudos.
4. Informar á Xunta de Escola sobre a situación xeral e sobre as actividades que se desenvolveron.

Artigo 21

Cada comisión docente estará constituída polos seguintes membros:

1. Director/a ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
2. Os profesores coordinadores do títulos correspondente ao campo.
3. Tres membros do profesorado permanente con docencia na EPS na titulación correspondente e que pertencen a áreas diferentes se é posible.
4. Dous membros do estudantado.
5. Un membro do persoal de administración e servizos da EPS, que será o secretario da comisión.

SECCIÓN 3ª. Das Comisións de Admisión**Artigo 22**

Estas comisións terán a composición e as funcións determinadas na Normativa de Xestión Académica do correspondente curso académico.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	11/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		



**SECCIÓN 4ª. Da Comisión de Validacións****Artigo 23**

A Comisión de Validacións é o órgano Colexiado da Escola que se encarga da análise e das propostas de resolución das distintas solicitudes de validacións e recoñecementos de estudos universitarios.

Artigo 24

As atribucións e o funcionamento da Comisión de Validacións estarán rexidos polas normativas da Universidade que lle foren de aplicación, e polas que elabore a Xunta de Escola.

Artigo 25

A Comisión de Validacións estará constituída polos seguintes membros:

- O director/a ou a persoa en quen delegue, que a presidirá
- Tres membros do profesorado permanente con docencia na EPS
- Un membro do resto do profesorado e persoal de investigación da EPS
- Dous membros do alumnado, un por cada ámbito da Enxeñaría
- O membro dos servizos administrativos da Escola que for responsable da xestión dos/as alumnos/as, que actuará de secretario/a

Artigo 26

- Para o cumprimento dos seus fins, esta comisión poderá solicitar informes do profesorado das materias correspondentes. Estes informes emitiranse por escrito á comisión en que se vaia tratar o tema que é motivo da consulta.
- A comisión informará a cada profesor/a implicado/a da resolución que se tomou.

SECCIÓN 5ª. Das Comisións de Traballo Fin de Grao e/ou Mestrado**Artigo 27**

A comisión de Traballo Fin de Grao e/ou Mestrado é o órgano Colexiado da Escola que se encarga da organización, do desenvolvemento e do control dos traballos fin de grao e /ou mestrado para realizar, de acordo cos planos de estudos conducentes á obtención dos títulos de Grao e Mestrado que se imparten nesta escola.

Artigo 28

- Se constituirán as seguintes comisións:
 - Comisión de Traballo Fin de Grao e de Mestrado do ámbito da Enxeñaría Naval.
 - Comisión de Traballo Fin de Grao e de Mestrado do ámbito da Enxeñaría Industrial

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	12/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





- c. Comisión de Traballo Fin de Grado e/ou Mestrado: unha comisión para cada titulación do centro fora dos ámbitos da Enxeñaría Naval. e Industrial e unha para cada Programa de Simultaneidade.
2. Para o caso do Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise térmica e Reoloxía, guíase polo convenio da dobre titulación asinado entre as dúas universidades (UDC e Universidad Paris Diderot) e pola normativa e procedementos específicos establecidos na UDC pola vicerreitoría correspondente.

Artigo 29

A composición, as funcións e as atribucións da comisión do Traballo Fin de Grado e/ou Mestrado estará rexidas polas normativas aplicables da Universidade e polo Regulamento de Traballos Fin de Grado e Mestrado da EPS.

SECCIÓN 6ª. Da Comisión de Infraestructuras e Asuntos Económicos

Artigo 30

A Comisión de Infraestructuras, Asuntos Económicos é competente no ámbito da súa actividade e, en particular, para asesorar e propoñer á Dirección unha distribución das partidas orzamentarias que se asignaren á Escola, seguimento da execución das partidas orzamentarias, adquisición de mobles, material funxible e inventariable, recursos informáticos e audiovisuais e obras nos edificios da Escola.

Artigo 31

A Comisión estará constituída polos seguintes membros:

1. O director/a ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
2. O membro ou membros do equipo directivo que se encargue da xestión das infraestructuras e asuntos económicos.
3. O xefe de Asuntos Económicos do centro que actuará como secretario/a da comisión.
4. O coordinador das aulas de informática da EPS
5. Dous membros do profesorado con docencia na EPS
6. Un membro do estudantado.
7. O Conserxe do centro ou persoa na que delegue.

Artigo 32

Son funcións da Comisión de Infraestructuras e Asuntos Económicos as seguintes:

1. Informar á Dirección sobre o funcionamento dos servizos comúns da Escola.
2. Estudar as necesidades materiais do centro.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	13/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





3. Informar sobre a proposta de reparto dos créditos concedidos á Escola que realizou o equipo directivo.
4. Estudar as previsións orzamentarias anuais do centro.
5. Realizar un informe final sobre as desviacións entre o gasto realizado e as previsións establecidas no orzamento anual.
6. Propoñer a adquisición de novo material.
7. Manteñer a infraestrutura informática e audiovisual que existe no centro
8. Xestionar os recursos telemáticos do centro.
9. Organizar e a coordinar os servizos informáticos e audiovisuais da Escola para o correcto desenvolvemento da docencia.
10. Propoñer e xestionar as obras e reparacións de centro.

SECCIÓN 7ª. Da Comisión de Relacións Internacionais

Artigo 33

A Comisión de Relacións Internacionais da Escola Politécnica Superior é un órgano colexiado que ten como fin regular as relacións de mobilidade dos alumnos deste centro.

As funcións da comisión son as recollidas no Regulamento da Universidade da Coruña sobre a mobilidade internacional de estudantes.

Artigo 34

A Comisión de Relacións Internacionais estará constituída polos seguintes membros:

1. O director/a ou a persoa en quen delegue, que a presidirá
2. A persoa responsable de dirixir e xestionar a política de internacionalización do centro, que deberá ser un membro do equipo de dirección do centro, que actuará como secretario/a.
3. Os/as titores de relacións intitucionais do centro.
4. Dous membros do profesorado con docencia na EPS
5. Dous membros do alumnado da EPS
6. O membro dos servizos administrativos da EPS que for responsable da mobilidade dos/as alumnos/as

SECCIÓN 8ª. Da Comisión de Garantía de Calidade

Artigo 35

A Comisión de Garantía de Calidade da Escola Politécnica Superior é un órgano colexiado que participa nas tarefas de planificación e de seguimento do SGIC, actuando ademais como un dos

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	14/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





vehículos de comunicación interna da política, dos obxectivos, os plans, os programas, as responsabilidades e os logros deste sistema.

Artigo 36

A Comisión de Garantía de Calidade estará constituída polos seguintes membros:

1. O/a director/a ou a persoa en quen delegue, que a presidirá
2. O/a secretario/a académico/a do Centro, que actuará como secretario/a da comisión.
3. Os/as subdirectores/as do Centro
4. Os/as coordinadores/as dos títulos oficiais de grao e mestrado.
5. Os/as directores/as dos departamentos adscritos á EPS
6. Dous membros do profesorado con docencia na EPS
7. Dous membros do alumnado da EPS
8. O/a administrador/a da EPS
9. Un representante do PAS do Centro

A comisión poderá solicitar a presenza de calquera membro da EPS, así como un membro da UTC (Unidade Técnica de Calidade), con voz e sen voto.

As funcións e as atribucións da Comisión de Garantía de Calidade rexeranse polo SGIC da EPS.

SECCIÓN 9ª. Da comisión de Biblioteca da EPS

Artigo 37

A Comisión de Biblioteca terá como funcións:

- a. Participar na proposta de mellora dos servizos, espazos e equipamento da biblioteca.
- b. Elevar propostas de mellora á Comisión de Biblioteca da UDC.
- c. Propoñer criterios de distribución do orzamento da biblioteca de centro ou intercentros.
- d. Velar polo cumprimento das directrices xerais na área da súa competencia, dentro do marco deste Regulamento.
- e. Analizar as propostas, suxestións e reclamacións do/as usuarios/as da Biblioteca que non poidan ser resoltas polo director/a da biblioteca de centro ou intercentros.
- f. Resolver calquera cuestión relacionada co servizo que lle someta a consideración o/a seu/súa presidente/a ou un terzo, alomenos, dos membros da Comisión.
- g. Calquera outra función, dentro do ámbito da súa competencia, que lle sexa encomendada.

Artigo 38

A Comisión de Biblioteca terá como composición a:

1. O director do centro, ou persoa en quen este delegue.
2. O director da biblioteca do centro

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	15/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





3. Vogais:

- a. Seis profesores elixidos pola Xunta de Centro. Ten que haber polo menos un profesor de cada un dos departamentos adscritos ao centro.
- b. Tres estudantes elixidos por e entre os seus representantes en Xunta de Centro.
- c. Un membro do PAS da biblioteca do centro.

O decano ou director do centro comunicará ao director da biblioteca os membros que integran a Comisión de Biblioteca de Centro.

A duración do mandato dos membros electos será de catro anos, agás no caso dos estudantes que será de dous.

SECCIÓN 10ª. Dos órganos unipersoais**Artigo 39. Do/a director/a da Escola**

- 1 O director/a da Escola ostenta a representación do centro e exerce as funcións de dirección e de xestión ordinaria da Escola.
- 2 O director/a da Escola será nomeado polo reitor por un período de catro anos, tras a elección feita pola Xunta de Escola entre profesores/as con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao centro.
- 3 O director/a da Escola será elixido/a pola maioría absoluta dos votos en primeira votación e por maioría na segunda votación que se emitiren validamente na Xunta de Escola.
- 4 A súa revogación producirase en virtude do acordo que adopte a maioría absoluta da Xunta de Escola, pola petición dun terzo dos seus membros, diante da Comisión Permanente, coa proposta dun candidato alternativo.
- 5 Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, a Comisión Permanente transmitirla ao director o cal convocará, nun prazo máximo de 15 días hábiles, unha sesión extraordinaria da Xunta de Escola con ese único punto na orde do día, que presidirá o membro de mais idade presente nesa Xunta.
- 6 En caso de que non prosperase a moción, os membros que a asinasen non poderán tomar novamente a iniciativa de revogar o director durante o resto do mandato.
- 7 En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o director/a será substituído polo subdirector/a, que será expresamente designado polo director/a.

Artigo 40. Funcións do/a director/a da Escola

Correspóndenlle ao director as seguintes funcións:

1. Representar o centro.
2. Presidir as reunións da Xunta de Escola e de calquera outro órgano colexiado dela, e mais executar os seus acordos.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións			Páxina	16/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			





3. Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
4. Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
5. Proporlle ao reitor o nomeamento e o cesamento do subdirector ou dos subdirectores e do secretario do centro.
6. Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos que está adscrito ao centro.
7. Presidir a Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado.
8. Dar o visto e prace aos convenios que subscriba a Escola Politécnica Superior.
9. Xestionar os bens e os ingresos que se obtiveren pola realización de contratos, convenios e servizos que revertan á Escola de acordo coa normativa que establece a Universidade da Coruña.
10. Autorizar os gastos e as ordes de pagamento no ámbito da Escola Politécnica Superior.
11. Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúen as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

Artigo 41. Subdirector/a da Escola

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o director/a contará co auxilio dos subdirectores/as nas áreas de actividade a que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia e que serán nomeados polo reitor, por proposta do/a director/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro.
2. Cesarán por decisión do reitor/a por proposta do director/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do director/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

Artigo 42. Funcións do subdirector/a

Corresponderalle dirixir e coordinar, baixo a autoridade do director, a área de competencia que este lles asignar. De existiren varios, o director designará quen o deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

Artigo 43. Secretario/a da Escola

1. O secretario/a do centro é a persoa que dá fe dos actos e dos acordos dos órganos de goberno e de administración do centro. Será nomeado polo reitor, por proposta do director, entre os profesores que estean adscritos a este centro. Cesará por decisión do reitor por proposta do

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	17/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				





director, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do director. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo subdirector que determine o director.
3. Serán funcións do secretario/a, ademais das que están legalmente establecidas, as seguintes:
 - a. A formación e a custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
 - b. A recepción e a custodia das actas de cualificación de exames e dos expedientes do estudantado da Escola Politécnica Superior.
 - c. A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que constaren nos documentos oficiais do centro.
 - d. A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
 - e. A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
 - f. Calquera outra función que lle delegue o director ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

SECCIÓN 11ª. Do Profesorado Coordinador de Titulación de Grao e Mestrado

Artigo 44. Profesorado Coordinador de Titulación de Grao ou Mestrado

1. Será nomeado polo/a Reitor/a por un período de dous anos a proposta da Xunta de Centro. Cesará por decisión do/a Reitor/a, ou por petición propia; en todo caso continuará en funcións deica o nomeamento de quen o/a substitúa.
2. As súas funcións serán as seguintes:
 - a. Velar pola calidade e fiabilidade da información da oferta académica da titulación.
 - b. Promover e supervisar a elaboración das guías docentes das materias da titulación e comprobar a súa adecuación ás directrices establecidas na memoria do título.
 - c. Colaborar na elaboración do informe de seguimento da titulación.
 - d. Realización das diferentes medidas que contribúan a coordinar o desenvolvemento do plan de estudos.
3. Para o cumprimento dos seus cometidos poderá fixar as reunións que estime pertinentes ao longo do curso, ou aqueles procedementos de contacto ou consulta que considere máis adecuados.
4. Estas funcións, e aquelas outras que lle poida asignar á Xunta de Escola, desempeñaranse en coordinación coa Comisión Docente da titulación e coa Comisión de Garantía de Calidade.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións				Páxina	18/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==				



**TITULO III. DA ACTIVIDAD DOCENTE****Artigo 45. Procedemento para a revisión de cualificacións**

A revisión das cualificacións farase segundo o que se indica nas normas académicas vixentes na Universidade da Coruña.

TITULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO**Artigo 46. Recursos económicos**

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión, a Escola dispón dos seguintes recursos:
 - a. Os bens, os equipos e as instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destinar.
 - b. Os recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignaren.
 - c. Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno da Escola velar polo mantemento e pola renovación dos recursos que están adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsables todos os membros que están adscritos á Escola, e esta será supervisada polo/a director/a.

Artigo 47. Competencias en materia económica

1. A Xunta de Escola adoptará anualmente os criterios para a asignación de recursos do centro, que serán destinados ao seu funcionamento e á atención das tarefas que lle son propias.
2. Correspóndenlle á dirección as seguintes competencias:
 - a. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Escola, para o seu debate e, se for o caso, para a súa aprobación, unha estimación dos ingresos e dos gastos do centro no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e das unidades de gasto que están previstos para o exercicio económico seguinte.
 - b. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Escola, para o seu debate e, se for o caso, para a súa aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do centro no seu conxunto, de xeito que se distingan capítulos, conceptos e, no que for posible, unidades de gasto unha vez que se remate cada exercicio económico.

TITULO V. DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS**Artigo 48**

A Delegación de Alumnos da Escola Politécnica Superior coordina e canaliza a representación do estudiantado no marco da Escola e da Universidade.

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	19/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		



**Artigo 49**

A Delegación de Alumnos gozará de autonomía para o exercicio do desenvolvemento das súas funcións, de acordo cos Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 50

O funcionamento da Delegación de Alumnos é democrático e baséase na vontade da maioría dos seus representados desde o respecto a calquera minoría, e rexerase polo seu propio regulamento interno en todo o que non se opuxer aos Estatutos da Universidade e a este regulamento da Escola Politécnica Superior.

Artigo 51

A Escola proporcionará apoio, na medida do posible, á Delegación de Alumnos e a calquera asociación que a Escola considere representativa dun sector do alumnado, de acordo cos Estatutos da Universidade.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO**Artigo 52. Iniciativa de reforma do regulamento**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros da Xunta de Escola. A proposta de modificación presentarase mediante un escrito motivado dirixido ao director.

Artigo 53. Tramitación da reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Xunta de Escola, que disporán de quince días para presentar emendas.

Unha vez que transcorra este prazo, convocarase unha sesión ordinaria da Xunta de Escola para aprobar ou para rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas que se presentaren, que se someterán a debate e a votación.

Artigo 54. Aprobación da proposta de modificación do regulamento

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación pola maioría absoluta do total dos membros da Xunta de Escola e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e das comisións de traballo**

A Comisión Permanente, así como o resto de comisións existentes na Escola, cando entre en vigor o presente regulamento, extinguíranse no prazo máximo dous meses, e deberá conformarse e

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	20/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		





constituírse a nova Comisión Permanente e as demais comisións de conformidade co disposto neste regulamento nese prazo. Se ese prazo rematase fóra do período de clases, realizarase a convocatoria de novas eleccións ás novas comisións dentro das dous primeiras semanas do curso académico.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derogado o anterior regulamento de réxime interno do centro.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do **23 de xullo de 2019**.

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	/UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	24/07/2019 12:43:46
Observacións		Páxina	21/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//UQPRFXKBSdvRI5VfnLLbA==		

